

PLAN LECTOR TAMBRE

ALA DELTA



No corazón da balea

Antonio Manuel Fraga

Ilustracións
Xan López Domínguez



PLAN LECTOR TAMBRE

ALA DELTA



No corazón da balea

Antonio Manuel Fraga

Ilustracións

Xan López Domínguez

antes da lectura

- 1 **Observa** a ilustración da cuberta e **describe** a balea que aparece.



- 2 **Le** a contracuberta e **completa** coas seguintes palabras.

mañá circo irmáns balea
submarino escola misterio

Aicí e Reibax son dous _____ que viven na illa Pepereta. Unha _____, de camiño á _____, entran na carpa dun vello _____ e atopan algo abraiante: un enorme _____ con forma de _____. Como chegaría alí? Xuntos descubrirán o _____ deste curioso invento.

- 3 **Escribe** unha lista dos medios de transporte que se desprazan por cada lugar.

Mar: _____

Terra: _____

Aire: _____

- 4 **Debuxa** o teu propio submarino con forma de animal.



durante a lectura

- 1 **Responde** as seguintes cuestións sobre o fragmento que acabas de ler.

Quen son os protagonistas da historia?

Onde viven?

A que se dedica a súa nai?

Cal é a profesión do pai?

- 2 **Le** os nomes dos protagonistas ao revés e **descubre** que dous nomes galegos se agochan detrás.

AICÍ

REIBAX

- 3 Agora, **escribe** tamén o teu nome do revés.
-

- 4 **Ordena** as letras para descubrir como se chaman os habitantes da illa Pepereta. Logo, **escribe** o feminino.

S E P R E T E P E

5 **Relaciona** cada xentilicio co lugar correspondente.

VERINESA

FISTERRA

BURELAO

GALICIA

FISTERRÁN

VERÍN

ESTRADENSE

BURELA

GALEGA

A ESTRADA

6 **Observa** a ilustración e **imaxina** como será a escultura de nubes cando o pai de Aicí e Reibax a remate.



7 **Escribe** un título para a escultura que debuxaches.

durante a lectura

1 **Ordena** os feitos segundo suceden na historia.

- Os dous irmáns pasaron a carón da carpa dun circo.
- Reibax entra pola boca da balea.
- Aicí entra na carpa de circo seguindo a Reibax.
- Reibax descobre un medallón dourado na praia.
- Os irmáns descubren o submarino con forma de balea.

2 **Ordena** as palabras e **escribe** o que lle di Aicí a Reibax cando decide entrar na carpa.

chegar á tarde escola! Imos


3 **Escribe** debaixo de cada irmán os adxectivos que o describen.

medosa responsable valente aventureiro

AICÍ	REIBAX

4

Explica que sucede na seguinte ilustración.



5

Le a seguinte frase e **marca** a palabra que significa o mesmo ca POTE.

–Levei un bo pote! –laiousa Reibax.

Golpe.

Pota.

Lata.

durante a lectura

1 **Marca** os obxectos que había na sala de control do submarino-balea.

Un periscopio.

Un traxe de mergullo.

Un martelo.

Un reloxo de parede.

Mapas de navegación.

Un volante.

Unha bomba de osíxeno.

Un microscopio.


2 **Completa** o enigma que lles propuxo o cuco a Aicí e Reibax.

pixama antes cama navegar

Se _____ de irmos durmir temos
que vestir un bo _____,
antes de irmos _____
debemos saltar na _____.

3 **Escribe** outras palabras que rimen con PIXAMA e CAMA.

- 4 **Observa** a ilustración e **explica** que estancia do submarino é, e que tiveron que facer nela Aicí e Reibax.



- 5 **Ordena** as letras e **descubre** que teñen que buscar Aicí e Reibax para resolver o seguinte enigma. Logo, **debúxao**.

T R A T O

durante a lectura

1 **Escribe** verdadeiro (V) ou falso (F).

O seguinte compartimento do submarino era a cociña.

Había unha torta de chocolate encima da mesa.

Os nenos colocaron unha guinda sobre a torta.

Aicí e Reibax comeron a torta coas mans.

Debaixo da guinda había unha nota cun novo enigma.

A especialidade de Reibax son os empurróns.

2 **Responde** as seguintes cuestións.

A onde se dirixiron Ací e Reibax ao saír da cociña?

A quen atoparon alí?

Que estaba facendo?

Quen lles dixo que construíra o submarino?

Por que o construíu?

Que tiveron que facer Ací e Reibax para acender o motor?

- 3 **Observa** a ilustración e **completa** a explicación de como reaccionou o pai ao ver o submarino-balea.

primeiro gustar abraiado
pinchacarneiros pai




O seu _____
observábaos moi _____
desde o obradoiro.
—Gústache o teu agasallo? —disco a nai.

—E non vai _____! —respondeu o pai, dando _____—. Vou ser o _____ peperete cun submarino-balea!

- 4 O pai de Aicí e Reibax daba pinchacarneiros de alegría. Como reaccionas ti cando te sentes feliz? **Explícao.**

despois da lectura

- 1 **Completa** o seguinte encrucillado con palabras clave da lectura.



1. Medio de transporte que vai por debaixo do mar.
2. Home que fai esculturas.
3. Paxaro que dá as horas.
4. Animal mariño xigante.
5. Ferro que atrae obxectos de metal.
6. Relación que teñen entre eles Aicí e Reibax.
7. Nome da illa en que viven Aicí e Reibax.
8. Espectáculo de acrobacias, ximnasia, pallasos...
9. Masa de vapor de auga.
10. Muller que deseña inventos.

- 2 **Escribe** o nome do personaxe que realizou cada acción.

Atopou o medallón na praia. _____

Construíu o submarino. _____

Propuxo comer a torta. _____

Regaláronlle o submarino-balea. _____

- 3 **Relaciona** as ilustracións coas probas que tiveron que superar Aicí e Reibax na súa aventura. Logo, **numéraas** segundo a orde en que sucederon na historia.



Saltar nas camas

Comer a torta

- 4 A terceira e última proba consistía en empurrar unha panca para acender o motor do submarino. Como imaxinas esa escena? **Debúxa**.



despois da lectura

- 5 **Debuxa** unha nova ilustración para a cuberta do libro e **inventa** un novo título.



- 6 Gustaríache vivir na illa Pepereta? **Imaxina** unha aventura que che puidese suceder nese lugar.



Título da obra: _____

Autor ou autora: _____

Ilustrador ou ilustradora: _____

Colección: _____

Serie: _____

Editora: _____

- Personaxes que interveñen:

- Lugar onde sucede a historia:

- O que máis che gustou:

- O que menos che gustou:

ficha de lectura

■ Valoración do libro:

Moi bo

Bo

Regular

■ Recomendaríaslles este libro ás túas amizades? Explica por que.

■ Gústache o final? Explica por que.

■ Debuxa o personaxe que máis che gustou.



Data da lectura: _____ Sinatura: _____